

A GRANDE EVASIÓN

Despois de tanto tempo de correr e sufrir, despois de tantos mapas que puxemos no atril, hai un barco que se deixa abordar, hai un pirata que xa non pode máis. E noutro soño, noutra canción, está Steve McQueen escapando da prisión, escapando de min. E noutro soño, noutra prisión, está todo o que eu non chegarei a sentir.

Despois de tantos meses sen entar nin saír, areas movedizas van sacarme de aquí. Hai un vento que se deixa tocar, hai un tesouro que rebenta nas mans.

EUROPA E O BALLET

Europa é o lugar onde o ballet tamén se podería ver como a maneira de aparentar que as persoas somos quen de ter ás. Agora imaxina a viquiña Björk nun combate desgarrador contra as coristas do Music Hall nun choque de civilizacións. Dos ventos prefiro os metais, dos praceres todos os orientais. Dies irae: diciades que iriades alí.

Unha ambulancia anda a percorrer todiño Rejkjavik. Leva doente o corpo espectral de Vivaldi e un violín. Dos ventos prefiro os metais, dos praceres todos os orientais. Dies irae: diciades que iriades alí. Ten coidado, cazador, na selva disparan ao corazón. Será a fin das catro estacións.

TURNIP FIELDS FOREVER

Non direi case nada sobre o outono e as follas que caen, non direi nada dos insectos. Velaí o vai o suicida tocando o tambor. Os corvos temen os seus ollos de inmensa dor. E non teño palabras de amor.

Non direi case nada dos fillos e fillas que deixas detrás, non direi nin os seus nomes. Isto vai dedicado á placenta da miña muller: sangue do meu sangue e ameixa amarga do meu querer. E aquí non hai nada que ver.

Somos pantasma pero somos felices: colle esta froita que che trouxen, mira, toda para ti.

NARVAL

Vivimos nun iglú. Facemos polas noites lume azul. El sempre camiña só. Que pena, tanto xelo e tan pouco alcol. E aquí estou: ben sei que sabes cara a onde vou. Co meu instinto animal.

E así se caza o narval.

Perdemos días facendo coma quen que non nos importa o que dirán, e quen diría que dun momento a outro aparecería a aurora boreal. E aquí estás: chegas de lonxe, cara a onde vas? Co teu arpón entre as mans.

E así se caza o narval. Ven, ven e crávamo ben, ven e crávamo mal.

Perder o control. Ben sabes que vou perder o control. Eu son o teu esquimó.

A FEBRE

Os animais vimos do fango, coidado, cazador: somos as feras sen alma que a noite ceibou. Empezo a crer que nunca volveremos á casa. O noso sitio está onde comeza a batalla

O caos absoluto comanda a expedición. Son mineiro nas minas do rei Salomón. O deserto é a promesa de beber. Non hai repouso, din as moscas tse-tse. Ás terras do demo Deus non chegará: atoparás o ceo entre o mineral.

Os animais vimos do fango, coidado, cazador: somos as feras sen alma que a noite ceibou. Empezo a crer que nunca volveremos á casa. O noso sitio é este, no estómago de África.

SEMPRE NOS MATAN

Desde algún faiado vimos naves espaciais. Prememos no botón do triplo salto vital. Estivo moi ben o feito de intentalo. Hai cogomelos bos, hai cogomelos malos. Pero sempre nos matan na mesma pantalla.

Existen fontaneiras que nos poden salvar o cu aos príncipes que só temos príncipes azuis. E falan dunha flor que perfora caparazóns, unida a una estrela que promete vidas extra. Pero sempre nos matan na mesma pantalla, cunha planta carnívora ou movendo a muralla. Pero sempre nos matan na mesma pantalla. Sempre nos matan.

Sempre rompemos a cabeza para que aparezan as moedas. Hai moitos trucos por aí, ou é que os trucos son as regras? E agora quen vai pagar todos os ladrillos rotos? Iso sabíámolo xa desde Shigeru Miyamoto. Podemos ir pola esquerda e aparecer pola dereita, xogarmos a partida sós ou facer vida de dous. Tamén podemos estar tres e coñecer xente xogando. Podemos estar só mirando ou aquí cantando, pero quen controla o mando? Porque sempre nos matan na mesma pantalla, cunha planta carnívora ou movendo a muralla. Porque sempre nos matan na mesma pantalla. Sempre nos matan.

OS VINGATIVOS

Todo empezou onde remata o asfalto. Cheiro a gasoil e cancións de contrabando. E o noso paso medrou pola estrada maldita. Non teñas medo que non, que a túa vida non é infinita. Neste carro sempre hai quen escolle mal o asento. Dinos como che vai, non che queda moito alento. Non temos dirección nin luz que nos acenda, mais na última exposición fomos o récord de vendas. Sempre quixo ser abducido. Trampas e cartón: somos vingativos.

Litros de acción que nos soben á cabeza. Non hai manifestacións nas terras da lei seca. Como compensarás a falta de movemento? Neste carro sempre hai quen escolle mal o asento. Agora viaxarás cara a adentro nunha nave especial feita de cemento. Viaxe cara a adentro, feita de cemento.

TI ES LAWRENCE?

Entre as dunas do teu corpo arde o pracer máis febril, pero non sabes qué mal rolo dá o deserto. Dime cantos Lawrence de Arabia coñeces ti.

Traio aceites esenciais e dátiles do Sinaí, milenarios coma a sede e o frenesí. Pero os vivos somos os que imos suar aquí. Dime qué é o que che gustaría facer a ti.

E a verdade sobre a Liga Árabe é que é outra alucinación, pero máis nos vale ter un berro de guerra por alfanxe e un frasco de viño de Damasco para os turcos que queiran ser bos. Para os turcos que queiramos ser nós.

O FUTURO DA NAVEGACIÓN

As piratas non gostamos dos mascatos porque baixan das alturas só para comer. Arrincámoslles as ás, son as moscas do mar, e nós queremos sentirnos humanos coma a xente de a pé. Non hai tesouro que se nos resista, o vento coouse pola nosa vista e somos o futuro da navegación.

As piratas non gostamos dos notarios porque o queren todo atado na terra onde aínda hai rei. E di algunha xente que cheiramos mal, pero a roupa si a mudamos, será algo visceral que a nós nos cheira ben. Non hai tesouro que se nos resista, o vento coouse pola nosa vista e somos o futuro da navegación.

O ÚLTIMO VAMPIRO

Romántico, si, porque sabes que mil veces mil o teu nome, de escribirse, escribiríase así: deliciosamente así. Prácticos, si, como un ceo vestido de gris. O teu corpo, de morrer, morrería por min: necesariamente así.

Inventaron a cidade e era Pequín. Dispuxeron unha cama toda chea de flores. E agradecía que anoitecese entre os teus brazos, e as estrelas co seu canto de grilos, e era tan romántico, quiromántico, tan romántico, si.

Sabes que se naces ou se morres nunca máis precisarás durmir. Sangue coa que pinto todos os mobles, dame razóns para seguir.

NO ESTÓMAGO DUN CROCODILO

Dormen e eu navego maino polo Nilo. Penso poucas cousas. Se hai que morrer vai ter que ser no estómago dun crocodilo.

Beben e eu só bebo as augas do oceano. Poño rumbo ás illas. O leite dos cocos e os cocos que son como as tetas dos sitios estraños.

E fanse vellos con canas e engurras, na cama e con frío nos pés polas noites. E eu veño de Alfa Centauro co mellor sorriso, que é o dos que non gañan nin perden nin cansan nin fican nin volven.

Se non estivese en coma profundo desde hai tantos anos, o mundo sería máis gris e máis triste, con días de loito e traballos pesados, e aquí todo é verde e hai negros comendo sandías.

A biblia está corrixindo a coxeira da cama e o inverno proxéctase en sombras, pero hai os bisontes que corren ás tardes e o fondo do mar e as estrelas e as illas desertas e os ventos que sopran.

Nubes, tantas nubes, o cantar dos grilos. Cólleme do brazo, que imos morrer e vai ter que ser devorados polos crocodilos. Se hai que morrer vai ter que ser no estómago dun crocodilo.

ESTRELA ERRANTE

Ante ti tes a tarde do domingo, as estrelas xa van tomando posición. Hai xente que pasea polos parques e hai outros que gustan máis do dominó. E eu nesta habitación, ao non ter plan, dáme por lembrar aquela canción que eu cantaba así, esa que eu cantaba así: canto no taxi, canto na casa, cántolle ás ondas do mar. Non teño amantes, non teño cartos nin visibilidade social.

Hai xente que regresa de viaxes e a maleta á volta pásalles máis. Iso pásalles por non ficaren na casa, que no fondo é onde mellor se está. E eu nesta habitación, ao non ter plan, dáme por lembrar aquela canción que eu cantaba así, esa que eu cantaba así: canto no taxi, canto na casa, cántolle ás ondas do mar. Non teño curro, non teño carro nin visibilidade social.

I was born under a wanderin' star.

A ABORDAXE FINAL

Ultimamente penso que nos collemos dos garfios, que nos deixamos levar e o mar fai o seu traballo. O tiburón é unha especie á que todo lle dá igual: estamos no mundo para acabar no ventre do animal. Por que non falar de amor?

Hai glamour na morte, agora xa quen o dubida. Baixo os teus pés ten que crecer unha cidade afundida. Imaxina que bebemos unha última botella de ron: estamos no mundo para acabar convertidos en carbón. Pero non me irei sen ti.

E as algas que nos crezan nas órbitas dos ollos farán chorar co paso dos anos os biólogos. Deixa que che pase a lingua pola perna de pao: estamos no mundo para acabar tan lonxe do peirao, na abordaxe final.

Tanta auga e verás como ardemos para sempre.

CRIPTOZOOLOXÍA APLICADA

De entre todos os funestos animais, desconfía das palabras e das contas: pódete saír moi caro publicar a descuberta do animal con roupa. E o cinismo é unha liña editorial na que nunca colle a criptozooloxía, porque alerta sobre os xeitos de cazar e aínda por riba fala doutras formas de vida.

E se vas ao Lago Ness ten coidado de te ver no espello das augas turbias dos outros. E se ves a Santa Claus saúdao sempre ao pasar: é importante a paz entre os monstros. Criptozooloxía aplicada á túa miserábel condición humana. Que lento pasa o tempo para a especie, que rápido o amor.

De entre toda a camuflaxe de arredor, busca sempre a humidade e a quentura. Non pretendas poder escapar da dor pero enlámate en estrañas aventuras. Por exemplo faite mozo de King Kong e disfruta da vertixe das alturas. Dalles de hostias a todos os avións. Morre sangrando pola pel das túas musas.

E se vas ao Lago Ness ten coidado de te ver no espello das augas turbias dos outros. E se ves a Santa Claus (agora vou rectificar), dispara antes de que se arme o monstro. Criptozooloxía aplicada á túa miserábel condición humana. Que lento pasa o tempo para a especie, que rápido o amor.

NON HAI LÚA

Abro os ollos e comezo o día in medias res. As comportas ceden á presión. O escafandro racha: un segundo de pracer. Non entendo as consignas desta manifestación. E a capela ardente onde está? E a túa cara oculta onde está? Non hai tregua, non hai lúa.

ALCATRAZ

E decidín regresar a Alcatraz: foi o mesmo camiño pero do revés. Aínda batía nos muros o mar, pero xa non había ninguén. Detrás da cidade aínda hai restos de po. Na vida primeira matei e roubei. Era moi tarde para che falar de amor e agora é cedo para caer.

Somos o ferro nas veas, somos o pouco que queda dos días de sangue quente. Os anacos de xabón soben até o corazón con orgullo delincuente. Alcatraz outra vez, coa cabeza moi alta e unha moi agradábel masaxe nos pés. Alcatraz, aquí estou de regreso da grande evasión.

Non vin San Francisco nin falta que fai (dicían que tes que levar unha flor). A min as viaxes fanme vomitar e na casa cómese moito mellor. Non vin os moluscos do mar do Xapón. Non vin os solpores de Guiné Bissau. Non vin as estrelas no espazo exterior. Fóra todo era o caos.

Este foi o meu planeta, tan cheo de bolboretas que non hai sitio para a xente. Fóra vai moita calor e eu onde mellor estou é no meu lugar de sempre. Alcatraz outra vez, coa cabeza moi alta e unha moi agradábel masaxe nos pés. Alcatraz, aquí estou de regreso da grande evasión.